

En primeiro lugar queremos facer chegar o noso saúdo:

á Secretaria Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica,

ó Secretario Xeral de Medios,

ó Presidente do FITCE

ó Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia,

e a todas as autoridades presentes.

Quero, neste momento, agradecer este nomeamento á Asociación e ó Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia.

Pasada a grande sorpresa do primeiro momento, só podo entender este agasallo como un recoñecemento á Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación de Vigo a través de min, ó fronte da cal estou coma directora dende fai un ano e medio.

Por iso, quero agradecerlle ó equipo que me acompaña nesta labor o seu esforzo e dedicación, ó persoal que alí traballa (especialmente ó profesorado) así como ó alumnado a súa colaboración para que as cousas vaian mellorando cada día e a formación dos futuros profesionais sexa a mellor.

Non podo esquecer neste momento a quen está preto, os amigos e a familia que sempre poñen tanto para que todo vaia ben.

É unha grande honra ter estes minutos para dirixirme a vos, os que asistides a esta cea na edición número 49 do Congreso FITCE e tamén a vos, enxeñeiros e enxeñeiras de Galicia que coma cada ano aproveitades a Noite Galega das Telecomunicacións para encontrarvos ó redor dunha mesa.

Esta coincidencia en lugar e data non é mais que unha mostra da realidade da Enxeñaría de Telecomunicación en Galicia, na que o traballo conxunto entre empresas galegas e tamén coa administración pública, ten sempre a ollada posta non só nun horizonte europeo senón que vai máis aló: o mercado internacional.

E así seguirá a ser con maior forza e empuxe en anos vindeiros.

O axeitado lema desta edición do congreso FITCE unindo camiño e telecomunicación pode levarnos á reflexión sobre o momento en que o noso sector se atopa, tanto para empresas, administración como dende a Universidade.

Este Camiño de Santiago é un exemplo de comunicación, de vía de achegamento pero tamén o é de tempo de reflexión (espiritual en algúns casos, pero sempre persoal) situando a Galicia na historia por séculos.

Agora os tempos son mudados, as ideas perduran por apenas un instante, as presas fannos mover a mais velocidade da que a reflexión, a valoración, e a toma de decisión precisa. Por elo, cando estamos a piques de empezar a segunda década deste século XXI, deberíamos tomarnos o tempo, a enerxía e o esforzo necesario para reflexionar sobre onde queremos camiñar e cal é a ruta a seguir.

Se queremos ter unha oportunidade de poder ve-lo sol, deixando de vivir á sombra doutros, non podemos quedar só a mirar a paisaxe pero tampouco podemos deixar de observar as estrelas para coñecer o rumbo axeitado.

É neste intre, cando é mais importante a aposta pola innovación, amosándolle ós demais que somos quen de facer distintas aplicacións, mellorar o existente, explotar novas áreas de traballo con paso firme como xa sabemos e se ten feito na enxeñaría de telecomunicación en Galicia dende fai tempo.

É fundamental que investigación e desenvolvemento sexan o baseamento do noso traballo para chegar mais lonxe e mellor posicionados.

Porque os galegos sabemos que o Camiño non remata en Santiago, senón que chega ata Fisterra, que como sabedes significa “fin da terra” así que aínda temos moito por percorrer, moito por facer.

Animámosvos a seguir traballando coa forza e de xeito tan frutífero como o levades facendo.

Pola nosa parte, na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación seguiremos a formar enxeñeiras e enxeñeiros para as novas oportunidades que cada día aparecen con cada novo reto que a sociedade nos pon sobre a mesa:

chegando a onde non se deu chegado,

axudando a mellora-la calidade de vida (sobre todo para aqueles menos favorecidos, pola saúde, polos medios económicos ... os mais débiles),

e facendo sempre que as cousas de diario sexan mais doadas, mais sinxelas.

E, por suposto, seguiremos investigando e mellorando día a día facendo da nosa profesión unha honra.

A nosa escola, a única de Enxeñaría de Telecomunicación en Galicia ten neste curso preto de 1400 alumnos matriculados e conta xa con mais de 2500 titulados nos 25 anos que pronto, no vindeiro curso 2010/11 estamos a cumprir.

Queremos que sexa unha oportunidade para agradecerlle a todos aqueles que o fixeron posible, para xuntar a moitos que levan anos sen verse, pero tamén para facer unha homenaxe merecida a esta escola que ten sido moi importante na vida de moitos dos que aquí estamos e que tanto ten contribuído ó notable avance tecnolóxico de Galicia nestes 25 anos.

Non podo desaproveitar este estrado para convidarvos, a todas e todos, a este aniversario que ó longo do curso 2010/11 nos levará por conferencias e xuntanzas nas que queremos que se reflexione sobre o presente e o futuro da enxeñaría de telecomunicación, o futuro que nos agarda e, sobre todo, o futuro que queremos crear.

Pídvos que fagades xa un espazo na vosa axenda para o venres 29 de outubro no que teremos un acto institucional no que contaremos coas autoridades galegas, con compañeiras e compañeiros das distintas promocións e con todos aqueles que queiran celebrar con nos este aniversario.

E pola noite, haberá unha cea para amigos.

E tamén, neste novo curso estaremos a nova titulación de Grao, á que seguirá o Máster, estudos que dan as atribucións correspondentes ás profesións da Enxeñarías Técnicas e da Enxeñaría de Telecomunicación no novo marco de converxencia europea.

Son tempos de cambio, que encaramos con ilusión e moitas ganas de mellorarnos cada día, coa seguridade da experiencia en formación avalada polo éxito dos nosos titulados dos que sodes mostra.

Moitas gracias.